

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL NEDA

Modificación dos nomeamentos de Tenentes de Alcalde e modificación dos membros da Xunta de Goberno Local

ANUNCIO

O 06.08.2024 o Alcalde ditou o Decreto da Alcaldía, que copiado di:

“DECRETO DA ALCALDÍA

Asunto: Modificación dos nomeamentos de Tenentes de Alcalde e modificación dos membros da Xunta de Goberno Local

Expedientes: 2024/G003/000019

O 17.06.2023 constituíuse a Corporación municipal consonte o resultado das eleccións municipais do 28.05.2024.

O 20.06.2023 ditouse o Decreto da Alcaldía 13/2023 de nomeamento de Tenentes de Alcalde e delegacións xenéricas a favor dos Tenentes de Alcalde e Concelleiros, publicado no BOP núm. 119 do 23.06.2023.

O 03.07.2023 ditouse o Decreto da Alcaldía 22/2023 de nomeamento de membros da Xunta de Goberno Local, publicado no BOP núm. 130 do 10.07.2023.

O 05.08.2024 o Pleno tomou coñecemento da renuncia do Concelleiro e 3º Tenente de Alcalde, José Manuel Sanmartín Fornos pertencente á candidatura Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE (PSdeG-PSOE).

Tendo en conta o anterior, procede pois realizar unha reorganización coa modificación dos nomeamentos de Tenentes de Alcalde e a modificación dos membros da Xunta de Goberno Local.

De acordo coas atribucións que me confiren a lexislación aplicable:

- Os artigos 21 e 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (BOE núm. 80, do 03.04.1985), (en adiante LBRL).
- Os artigos 35.2, 43, 44 e 46 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (BOE núm. 305, do 28.11.1986), (en adiante ROF).
- Os artigos 59.2 e 62 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración Local de Galicia (DOG núm. 149, do 05.08.1997), (en adiante LALGA).
- A demais lexislación concordantes e de xeral ampliación.

En base ao que que antecede e, en virtude do disposto na antedita lexislación, **RESOLVO:**

Primeiro. Modificar o Decreto da Alcaldía 13/2023 de nomeamento de Tenentes de Alcalde no seguinte senso:

- Nomear Tenente de Alcalde do Concello de Neda ao seguinte Concelleiro:

3º Tenente de Alcalde: Javier Novo Rodríguez (PSdG-PSOE).

Segundo. Modificar o Decreto da Alcaldía 22/2023 de nomeamento de membros da Xunta de Goberno Local no seguinte senso:

- Nomear membro da Xunta de Goberno Local do Concello de Neda ao seguinte Concelleiro:

3º Tenente de Alcalde, Javier Novo Rodríguez (PSdG-PSOE).

Terceiro. Notificarlle persoalmente este Decreto ao novo Concelleiro nomeado, Javier Novo Rodríguez.

Cuarto. Darlle conta ao Pleno da Corporación deste Decreto na primeira sesión que se realice.

Quinto. Publicar este Decreto no Boletín Oficial da Coruña e no Portal de Transparencia do Concello de Neda.”

Neda, 6 de agosto de 2024

O Alcalde, Ángel Alvariño Saavedra

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

NEDA

Nomeamento dos membros, réxime xurídico e delegación de competencias da Alcaldía á Xunta de Goberno Local

ANUNCIO

Asunto: Nomeamento dos membros, réxime xurídico e delegación de competencias da Alcaldía á Xunta de Goberno Local

Expediente TEDEC: 2023/G003/000018

De acordo cos artigos 44 e 52 do Real decreto 2568/1986, do 18 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (BOE núm. 305, do 22.12.1986), publícase a Resolución da Alcaldía núm. 22/2023, do 03.07.2023, que copiada na súa parte resolutiva di:

“1. Nomear membro da Xunta de Goberno Local do Concello de Neda aos seguintes concelleiros e concelleira:

- 1º Tenente de Alcalde, Ángel Salvador García Cordero.
- 2ª Tenente de Alcalde, Ángeles Puentes Maceiras.
- 3ª Tenente de Alcalde, José Manuel Sanmartín Fornos.

2. A Xunta de Goberno Local realizará a súa sesión constitutiva nos dez (10) días seguintes ao da data de nomeamento dos seus membros.

3. As sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local terán carácter semanal, realizándose as sesións todos os luns hábiles de cada semana ás 12.30 h. De non reunirse quórum suficiente ou no suposto de que o día prefixado fose festivo ou inhábil, a sesión realizarase co mesmo carácter de ordinaria o inmediato día hábil posterior á mesma hora.

Cando por necesidades municipais ou por motivo de axenda dos membros da Xunta de Goberno Local non se poida realizar sesión na data correspondente, o Alcalde poderá, mediante Resolución e/ou Providencia, convocala para outra data.

4. Delegarlle á Xunta de Goberno Local a totalidade das competencias que ten atribuídas a Alcaldía en virtude do artigo 21 da LBRL e o artigo 61 da LALGA, agás aquelas competencias que se sinalan como indelegables no propio artigo 21.3 da LALGA e no artigo 61.3 da LALGA.

A delegación feita comprende facultades resolutivas mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

5. Darlle conta ao Pleno da Corporación desta Resolución na primeira sesión que se realice.

6. Notificarlle aos nomeados persoalmente esta Resolución.

7. Publicar esta Resolución no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade a partir do día seguinte ao da súa sinatura.

8. Publicar esta Resolución no Portal de Transparencia do Concello de Neda.

9. Queda derogado calquera outra Resolución e/ou Decreto que se opoña ao contido nesta Resolución.”

Neda, 5 de xullo de 2023

O Alcalde,

Ángel Alvariño Saavedra.

2023/5502